

Revista escolar. Nº 40

Coordinación
Vanessa de Arriba Villares

Esta edición foi posible grazas ás achegas de:

Educación Infantil
Educación Primaria
ESO
Coordinadora do Equipo de biblioteca
Coordinadora de Dinamización da Lingua Galega
Coordinadora do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares
Club de Lectura
Audición e lingüaxe
Plástica Bilingüe
Pedagogía Terapéutica ESO

Edición
CPI Luís Díaz Moreno

Deseño e maquetación
Vanessa de Arriba Villares

Corrección lingüística
Belén Pérez Aldariz

Financiamento
CPI Luís Díaz Moreno

Colabora na financiación
Concello de Baralla

Biblioteca Escolar
CPI Luís Díaz Moreno.

Estrada de Aranza,12
27680 BARALLA
cpi.diaz.moreno@edu.xunta.es
Teléfono: 982 870071


sumario

Xuño 2019

	páxina
Editorial	5
Historias do Concello de Baralla.....	7
Equipo de Biblioteca	
A nosa biblioteca.....	10
Equipo de Dinamización da Lingua Galega	
Estiveron con nós	13
Club de Lectura	
Barallando libros	17
PAI (Punto de atención á infancia de Baralla	
Os máis pequeniños do concello de Baralla.....	22
Educación Infantil	
Tres, catro e cinco anos.....	30
Educación Primaria	
Primeiro curso.....	35
Segundo curso.....	38
Terceiro curso.....	43
Cuarto curso.....	45
Quinto curso.....	47
Sexto curso.....	51
Audición e Lingüaxe	
A.L	53
Educación Secundaria	
Musiqueando.....	55
2019: ano Internacional da Táboa Periódica.....	58
Plan Proxecta.....	62
Teatro 1º ESO- Jairo.....	63
Equipo de actividades complementarias e extraescolares	
As celebracións.....	83
Premios	
Premio en formación TDAH.....	84
Educación Física de Educación Primaria	
A importancia da Educación Física en Primaria..	89
Radio Escolar	
Radio escolar.....	92
Pasatempos	
Pasatempos matemáticos.....	95



Editorial



O protocolo xeral de prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar converte a Galicia na primeira comunidade autónoma que recolle nun mesmo protocolo o tratamento do acoso e do ciberacoso. Trátase, así, dunha ferramenta fundamental para a protección

do alumnado, un documento base que facilitará aos centros a intervención temperá e a adopción das medidas oportunas, adaptándoas á súa realidade, e que dá continuidade á Lei de Convivencia, texto pioneiro na definición legal do ciberacoso.

Grazas a este documento o alumnado contará cunha maior protección fronte ás situacións de acoso, posto que ao existir un protocolo estandarizado, garántese que non transcorran máis de doce días desde que se detecta a posibilidade da existencia dun caso de acoso escolar ata que se confirma, se instrúe e se resolve o correspondente expediente corrector.

O protocolo, ademais, facilitará que se faga máis efectivo o principio de *protección á vítima* desde o momento en que se detecte unha situación susceptible de provocar dano, xa que desde ese primeiro instante a potencial vítima contará cunha persoa de atención e de apoio.

O protocolo busca ser unha **guía de axuda** na *prevención* das situacións de acoso, na *detección* de posibles situacións e no *tratamento* cando a situación xa se produciu e o centro debe intervir. Tanto o documento como os anexos que o acompañan, pretenden facilitar e axilizar a súa posta en práctica, recollendo estratexias de prevención e de actuación, así como a lexislación relativa a todo o procedemento. O obxectivo é a prevención e erradicación das posibles situacións de acoso escolar que poidan xurdir nos centros educativos galegos.

O devandito protocolo dá continuidade á **Lei 4/2011 de convivencia** e participación da comunidade educativa, e o Decreto 8/2015 que a desenvolve, así como outros recursos para o asesoramento na elaboración de plans de convivencia para cada centro de ensino.

Fases do proceso

O protocolo establece catro fases diferenciadas para o tratamento dos conflitos:

1. Coñecemento, identificación e comunicación da situación.
2. Recollida e rexistro de información.
3. Análise da información e adopción de medidas.
4. Seguimento, avaliación e rexistro das medidas adoptadas.

Neste sentido, márcase, por exemplo, que a persoa que ocupa a dirección do centro deberá ter sempre coñecemento da situación, cuxa identificación deberá recollese por escrito e sempre baixo a máxima confidencialidade e discreción.

Na 1ª fase preséntanse ademais:

- As medidas urxentes de protección á presunta vítima que se poderán tomar.
- Indicacións para a comunicación do caso ás familias do alumnado implicado, así como - de ser oportuno- a outros profesionais educativos e axentes externos (membros da comunidade educativa, instancias sociais, sanitarias, xudiciais...)
- Recóllese a posibilidade de designar a unha persoa responsable de apoiar e atender á presunta vítima.
- Establécense os pasos para o nomeamento, entre o profesorado do centro, da persoa responsable da tramitación do proceso que -segundo indica o protocolo-, será tamén a instrutora do expediente disciplinario, de ser o caso.

Na 2ª fase o documento ofrece aos docentes:

- Pautas para o rexistro e levantamento de acta das entrevistas individuais que se realicen co alumnado e familias implicadas.
- Pautas para a recompilación de calquera outro tipo de documentación.
- A posibilidade de solicitar asesoramento ou apoio técnico tanto do departamento de orientación do centro como, especialmente no caso de ciberacoso, doutros organismos como os servizos sociais, sanitarios, corpos e forzas de seguridade do Estado, entre outros.

Na 3ª fase resulta de especial interese, sobre todo desde o punto de vista xurídico, a orientación que o protocolo proporciona á comunidade educativa respecto dos pasos a seguir. Así:

- Ofrece información sobre os diferentes expedientes disciplinarios que se poderán abrir no caso de estar diante dunha situación de acoso constatada.
- Os responsables de desenvolver o devandito expediente.
- As fases de cada un.
- As persoas ás que debe ser comunicada a incoación do expediente.
- A normativa relativa ao mesmo, por exemplo no que atinxe á gradación das medidas que se poderán adoptar:
 - Antes e despois da resolución do expediente, para a protección da vítima (vixilancia, titorías, grupos de axuda...)
 - Para a reeducación dos presuntos acosadores.
 - Medidas correctoras destes últimos (que só se poderán adoptar unha vez resolto o expediente e de acordo co establecido na Lei 4/2011 e o Decreto que a desenvolve).
 - Actuacións co grupo ou clase, coas familias e co equipo docente.

Na 4ª fase deséñase o seguimento da situación, que quedará a cargo da persoa directora ou aquela na que delegue, coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, para o que se deberán programar encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar a eficacia da actuación.

Ademais, no documento que contén as fases do protocolo tamén se considera un apartado no que se recollen diferentes estratexias de prevención para tratar de evitar que situacións desde tipo alteren a convivencia dos centros educativos galegos.

Non podemos esquecer tampouco que se engade un apartado coas particularidades e medidas de prevención e actuacións que require o ciberacoso.

VÍA KÜNING

Ás rutas xacobeas oficiais xa existentes podería sumarse en breve outra máis, a chamada Vía Künig. Desvíase do Camiño Francés no Bierzo e pasa por Pedrafita, Becerreá, Baralla e O Corgo ata confluír co Camiño Primitivo en Lugo. Cunha gran riqueza paisaxística, o seu nome provén do monxe alemán que a documentou nunha guía no século XV.

O tramo galego da Vía Künig discorre por Pedrafita, Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo. É dicir, pola antiga vía XIX romana, que hoxe vai parella á N-VI. Co fin de promover o recoñecemento oficial desta ruta xacobeá, estes cinco concellos lugueses asinaron un convenio de colaboración para financiar un proxecto que está a ser dirixido polo historiador Javier Gómez Vila, historiador e director do proxecto Vía Künig dí : "Foi moi utilizada na Idade Media, ata o século XVIII, pero cando se recuperaron os camiños de Santiago no século XX tivo certa preeminencia o Camiño Francés e estas outras quedaron relegadas ao esquecemento".

A Vía Künig recibe o seu nome do monxe alemán que a documentou nunha guía no século XV. Pasa á beira de monumentos coma o castelo de Doncos ou o mosteiro de Penamaior, pero o seu maior valor é natural e paisaxístico. Ademais, o seu trazado é menos empinado ca o doutras rutas.

Javier Gómez Vila, historiador e director do proxecto Vía Künig sinala: "Esta vía é distinta a todos os demais camiños porque combina moi ben a paisaxe. Ten unhas paisaxes fermosas, de bosques autóctonos, cun trazado, ademais, moi doado de facer. Unha das características de Künig é que sempre fuxía das costas. Ao longo da súa peregrinación, sempre evitou as montañas".

O proxecto para que a Vía Künig sexa declarada unha ruta xacobeá oficial presentouse perante Patrimonio.



Die wallfahrt vnd Straf
zu sant Jacob.



Ich Hermannus kunig von Dach
 Der gottes halff wil mach
 Dyr liden ludein
 Das sal sint Jacobs straf genant sin
 Dar inne ich wil liden vnd flege
 Vnd wie sint erin igliche Jacobs vnder sal pflegt
 Dyr liden vnd auch mit esen
 Dyr wil ich dar inne nicht vergessen
 Was selber liden die die kap p hunden
 Da von wil ich hudsche lere schreiben
 Da von sich erin gliche vnder sal sin
 Vnd sal sich stündlich halt vor got vnd vor di lude
 Vnd sal got vnd sint Jacobs vnder mit sich
 Des list immer got vnd sint Jacobs genit
 So nymt er von got größen liden
 Vnd nach diesem liden die hirsche liden
 Der got sint Jacobs hat gegeben
 Vnd allen hiligen in dem ewigen liden
 In dem ersten wan da wil vsgan
 So salu got sint Jacobs hirschen
 Dar nach daren aller guden erin schirn
 Das lere wil ich stündlich hirschen da ben
 Da du sint Jacobs mit andacht liden
 Datin mit irin liden liden
 Komst güt vnd adich zu verdamen
 Datin mit güt behüt werden vor der hellen pnen
 Wann salu es stündlich liden an
 Vnd sal erin zu dem liden liden gan
 Das liden Komst güt vnder die maß
 Da Komst du vnd vil die ober straf
 Dar vil du liden vil hirscher lere
 Dar nach mancher liden sin hirscher lere



A NOSA NOVA BIBLIOTECA

O recuncho de Camaleón



Como todos e todas sabedes, este curso fixemos unha reestruturación da biblioteca coa intención de convertela nun espazo multifuncional, onde non só imos ler, tamén imos facer quecracabezas, montar Legos, escoitar música, xogar ao xadrez, pintar, andar nos ordenadores, xogar a xogos de mesa, facer retos matemáticos...



A inauguración tivo lugar o 24 de outubro, coincidindo co Día das Bibliotecas Escolares, e foi todo un éxito.



Pero o principal obxectivo segue sendo fomentar a lectura, conseguir ese achegamento por parte do alumnado aos libros que lles reportarán pracer, goce, entretemento, coñecemento, imaxinación, curiosidade, capacidade crítica... Por iso, ademais de todas as actividades destinadas ao fomento da lectura como contacontos, concursos ou charlas de escritores e escritoras, dotamos de novos títulos os estantes da nosa biblioteca.



Grazas á implicación das voluntarias e voluntarios de 5º e 6º de EP podemos poñer en marcha todos os recunchos.



“Vouvos falar da nosa Biblioteca que, como todos e todas sabedes, este ano ten moitas novidades como o lego, quebracabezas, etc...Pero diso xa vos falarán as miñas compañeiras. Eu vouvos falar dos novos xogos : o Dobre, o Aforcado, o Xadrez, o Parchís, o Dominó e moitos xogos máis. A todos eles pódese xogar en calquera das mesas, ou mesmo nos sofás usando como mesa o baúl, sempre que estean libres, e intentado facer o menor ruído posible. Por certo, para os que non o saibades, cara ó curso que vén imos poder levar algúns xogos para a casa, coa condición de que os devolvades en perfecto estado e con todas as pezas”. LUCÍA de 6º de EP.

“Desde que se inaugurou a Bilioteca, unha das cousas máis rechamantes foi o recuncho informático. Ao principio, o que máis gustaba aos nenos e nenas era pintar "online", pero despois preferiron imprimilos e pintar os debuxos a man. Ultimamente gústalles moito facer "turismo" co Google Earth. Así, probando e experimentando, van descubriendo novas cousas que traballar no recuncho informático”. ALBA de 6º de EP.



“Os quebracabezas da Biblioteca do cole son moi entretidos. Algúns son tan grandes que nin sequera @s maiores de ESO puideron rematalos! Cos quebracabezas apréndese moitísimo porque tes que fixarte en moitos detalles da imaxe, xa sexa un animal, un mapa, un edificio...” TATIANA de 5º de EP.

“Unha novidade que nos encanta da Biblioteca son as zonas Lego. Hai dúas, unha para @s máis pequen@s con pezas máis grandes, e outra para maiores, con dúas mesas cheas de pezas e moldes onde poder botar a voar a imaxinación e construír todo o que se nos poida ocorrer”. NEREA de 5º de EP.





Ao longo do curso houbo moitas máis actividades.

Foi todo un éxito o
recuncho contacontos
dos venres



E non digamos a
XINCANA!



E os contacontos que viñeron visitarnos



E as Maletas
Viaxeiras



E as maletas da iguadade



E outras
celebracións...terroríficas



Desde o Equipo da Biblioteca queremos dar as grazas ás voluntarias e voluntarios que nos axudaron a poñer en marcha este proxecto, así como a todos os nenos e nenas que todos os días, no tempo de lecer, converten a Biblioteca nun espazo cheo de vida e ilusión que nos empuxa a seguir traballando e innovando.

O EQUIPO DE BIBLIOTECA DO CPI LUÍS DÍAZ MORENO

ESTIVERON CON NÓS...

Un ano máis desde o EDLG propuxémonos achegar á comunidade educativa actividades diversas que se están a facer en Galicia e en galego. Malia ser moitas delas iniciativas extraordinariamente solventes, en canto aos contidos que abordan ou á posta en escena, non sempre resulta doado chegar a elas a través dos medios de comunicación ou das programacións culturais das diferentes institucións. É por iso que desde o equipo, ademais de facer actividades conmemorativas das datas importantes que se van sucedendo ao longo do curso, convidamos a visitar o noso centro a representantes de diferentes áreas da expresión cultural e artística. Todos e todas elas aceptaron o convite, o que nos permitiu vivir en primeira persoa experiencias moi enriquecedoras e normalizadoras do uso do galego en diferentes contextos.

● Comezamos o curso de viaxe virtual con **Xurxo Mariño**, neurobiólogo e gran divulgador científico quen, no ano 2013, fixo unha apaixonante viaxe arredor do noso



planeta que un tempo despois converteu nun libro e nunha charla fascinante: ***Terra: Ciencia, aventuras e sorpresas dunha viaxe arredor do mundo***. Xurxo estivo no centro compartindo con nós as anécdotas e os bocados de ciencia que atopou agochados nos espectáculos que a natureza lle foi amosando ao longo da súa viaxe.

A través das imaxes e do seu relato ben fiado puidemos compartir algunhas das súas vivencias e reflexións.

Por outra banda, aproveitamos que Xurxo Mariño estaba no centro para que nos falase, ao profesorado e aos pais/nais que quixeron asistir, doutro dos moitos temas nos que ,como bo científico e divulgador, amosa interese. Así, baixo o título ***As miñas linguas e mais eu. Algunhas reflexións sobre a mente e a linguaxe***, expuxo diferentes aspectos do desenvolvemento humano e a adquisición da linguaxe e da lingua.

● E nada mellor para conmemorar o Día da Lingua materna que a visita de **Paula Carballeira** que compartiu contos co alumnado de Infantil e Primaria. Ademais de escritora e actriz, Paula é un referente como contacontos, amena e motivadora, como puideron comprobar os e as asistentes.



● Tamén a semana que conmemoramos o Día da Lingua Materna, achegámonos á nosa música e a moitos dos nosos instrumentos tradicionais da man de dous profesores e unha profesora da **Tradescola de Lugo**, unha escola de música tradicional xestionada pola *Asociación de gaiteros galegos*. A través dun concerto didáctico foron explicando os instrumentos de vento e percusión máis representativos da nosa cultura, así como as posibilidades que temos para facer música coas nosas mans, brazos...



● Arredor do Día Internacional da Muller e do Día da Poesía, a **regueifeira Sara Marchena** impartiu un obradoiro ao alumnado de 4º a 6º de Primaria e outro para Secundaria. Sara falounos da orixe da regueifa, ou cando menos da referencia máis próxima a nós, como **boleto de pan** que repartía na voda a parella ou a madriña dos acabados de casar entre os que non foran convidados. Decidíase quen tiña a honra

de facer o reparto da regueifa entre os presentes, logo de retarse dialecticamente entre eles. Chega ata nós, pois, como desafío oral improvisado en verso, cunha métrica, rapidez e enxeño característicos dos que Sara nos falou na primeira parte do obradoiro. Logo puxo a proba a nosa habilidade como *regueifeiros e regueifeiras*. E parece que en Baralla hai canteira!!!



- O mes de abril, no que conmemoramos o Día do libro infantil e xuvenil, montamos no centro unha exposición sobre literatura fantástica, cedida temporalmente por Urco Editora; ademais, o alumnado de Secundaria participou nun encontro co escritor **Antonio M. Fraga**, autor de ***Bestiario científico de Anxos Nogueirosa***, I Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil.



Grazas a todas e todos por compartir con nós moi bos momentos!

M^a Inés García Seijo

**Coordinadora do EQUIPO DE
DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

CLUB DE LECTURA “BARALLANDO LIBROS”

O fomento da lectura é un dos tres piares da dinamización da nosa biblioteca, e o club de lectura “Barallando Libros” trata, ano a ano, de contribuír a isto.

E despois de varios anos sen perder a paciencia... vaia se o conseguimos! Este curso de andaina, os integrantes do club medraron sen parar! Na ESO participaron 18 alumnos e alumnas de 1º e 2º, e 5 rapazas de 3º e 4º. Iso son 23 alumnos e alumnas dun total de 32!!!. Foi todo un éxito de participación. En primaria 8 alumnos/as de 5º e 6º e nos restantes cursos fixéronse actividades de animación á lectura nas horas de lecer, e que por certo xa nos están pedindo que se volvan repetir!: Teatro de sombras, teatralización de contos, kamishibai, achegamento ás novidades da biblio, descubrimento da maleta da diversidade, suxerencias, encontros con autor/a...



O obxectivo primordial é achegalos á lectura dun xeito pracenteiro e lúdico, que descubran o apaixonante que pode ser estar a soas cun libro, os inimaxinables mundos que poden abrirse ao seu redor, as risas ou as preguntas incómodas que pode provocar.. pero todo isto só se un acepta o agasallo de deixarse enredar polas súas páxinas...

Reunímonos en tempos de recreo cada 15 días na biblioteca por grupos de idade, e sobre todo, tratamos de pasalo ben, gozar e aprender os uns dos outros. Por iso para este Club é moi importante aceptar suxestións de lectura, aquelas que nos fan dende fóra outros mestres ou ávidas/os lectores, e tamén as que xorden dende dentro, dende as inqedanzas dos membros do club, aínda que non sexan as que un adulto ou un docente escollería como primeira opción.

Na ESO puidemos aprender moitas cousas novas grazas a estas obras lidas no club:



Con *Wonder. La historia de Julián* aprendemos como o medo ao cambio e ó diferente nos pode facer odiar ou amar. Julián, o protagonista, pasa de odiar a August a aceptalo a pesar de non ser coma el.




Memorias de una salvaje conta de forma controvertida o cinismo da sociedade actual conseguindo non deixar indiferente ao lector.




Con *Mi hermano persigue dinosaurios* achegámonos ao Síndrome de Down dende a naturalidade e a tenrura; e gozamos ademais de primeira man da visita da Asociación Donw Lugo e coñecemos os seus proxectos e os logros acadados na integración.



Vista da asociación Donw Lugo



Con *Si es amor no duele* viaxamos virtualmente por eses círculos de tea de araña nos que ás veces se pode converter o amor sen darse conta. Enredarse nas súas páxinas foi dunha grande axuda para estar advertidas das múltiples formas que pode adoptar o maltrato.



El Corazón de la Bestia ensinounos a entender e a ver con outros ollos a transexualidade e como diferentes maneiras de amar nos poden enriquecer a todos social e persoalmente.



Tamén leron algúns capítulos interesantes dunha das obras máis coñecidas de Xurxo Mariño, *Os dados do reloxeiro*, pioneiro divulgador e científico galego a quen puideron coñecer en persoa grazas ao EDLG (Equipo de Dinamización de Lingua Galega)

E por aquí vos deixámos algúns dos libros lidos en primaria, e imaxes dos talleres de animación á lectura (lecturas teatralizadas, teatro de sombras, kamishibai, exposición de novidades...) que se fixeron cos máis pequenos.




Teatro de sombras Halloween




Técnicas de teatralización con 1º e 2º de EP




Kamishibai con 1º, 2º 3º e 4º EP



Os alumnos e alumnas do club de lectura de 5º e 6º de EP gozaron enormemente das arrepiantes receitas de Escarlatina e Esmeraldina, e como sorpresa final visitounos a súa autora Leticia Costas, quen compartiu con nós o proceso de creación de ámbalas dúas obras e mais de *Unha estrela no vento*, dedicando persoalmente os seus libros ás lectoras do club antes de marchar.



E tamén o alumnado de 3º e 4º de EP puido compartir encontro con autora, desta volta, e grazas tamén á colaboración co EDLG, con Paula Carballeira e a obra *Bruxa e familia* que estiveron a ler en clase cos seus titores.



Dende o Club de Lectura Barallando libros grazas a tod@s por participar e compartir! Seguro que o próximo ano seremos moitos máis! Agardámosvos!

¡Os nenos do P·A·I· (punto de atención á infancia) tamén participan no Folerpas!

CANDO MONTESSORI CHEGOU Á NOSA AULA

Na nosa aula tratamos de empregar metodoloxías innovadoras que acheguen coñecementos aos nosos nenos e nenas dende a súa propia experimentación e aprendizaxe activa.

Algunhas das técnicas Montessori ás que recorreremos son a ruleta de cores, coa que o noso alumnado traballa psicomotricidade fina á vez que interioriza cores e as cadeas de cores coas que traballamos psicomotricidade grossa e a interiorización das cores básicas.



OVOS DE PASCUA

Para a Pascua pintamos uns ovos duros seguindo o método de “maestrasmolonas” . Con pintaúñas e auga creamos unha película que en canto somerxiamos o ovo, queda pintado de diversas cores. Antes de que secan botámoslles purpurina e quedáronnos uns ovos moi divertidos e bonitos.




SAÍDA DO CENTRO AO RÍO

O pasado luns, 6 de maio, saímos por primeira vez da P.A.I. A nosa primeira visita como modo de achegamento á natureza foi á área fluvial do río Neira. Para levala a cabo contamos coa axuda da especialista en prácticas Laura Lodeiro.



Os nenos e nenas da P.A.I. portáronse xenial e desprazáronse nunha fila perfecta.

Cando chegamos á área recreativa camiñamos de xeito máis libre, fixándonos na contorna e gozando da mesma.



Os veciños que por alí paseaban estaban encantados de vernos e saudábnos moi amables.

Segundo chegamos, xogamos no parque que hai para meniños, ¡pasámolo súper ben!



Logo explicamos en que consistía a actividade que alí nos levaba.

Coller flores coas que logo na aula fariamos auga de colonia.



Xuntos, recollemos todas as floriñas que fomos atopando... e algunhas que as nosas profes foron deixando polo campo.



Unha vez recollidas, observamos o río, outro dos obxectivos que nos trouxeron a este paseo, e do que xa falamos e investigamos previamente na aula.

Falamos do río, dos animais que viven nel e na súa contorna: paxaros, lontras... tamén falamos de que pode ser perigoso e de que non nos podemos achegar moito a el.



Xa de volta á aula, engadimos auga ás flores, e xuntos remexémolas para que soltasen cor e cheiro. Así botamos un bo anaco... ¡ canto nos gusta xogar coa auga!



Unha vez conseguimos que as flores soltasen toda a súa esencia, as profes coáronas cun coador co que máis tarde nos gustou moito xogar a coar auga, xoguete... e experimentar con el.

O resultado final foi unha colonia ben rica que levamos para as nosas casas.

Agora estamos traballando nun mural que xuntos pintamos no que recollemos cousiñas que fomos observando e outras novas que imos aprendendo.



EDUCACIÓN INFANTIL

En educación infantil, este ano fixemos unha morea de cousas. Aquí una pequena mostra:

ARTE NO CHAN

Como artistas que somos, algúns días de bo tempo saímos pintar no chan aproveitando a fantástica pista que temos no cole, sen límites para a nosa creatividade, imaxinación e fantasía.



Moreas de debuxos que fixemos,, axudándonos uns aos outros e pasando momentos increíbles.

MASTER CHEF DOS PEQUENIÑOS

Como grandes cociñeiros/as que somos, preparamos ao longo do curso deliciosas receitas de fabricación propia na nosa cociña. Aquí vos mostramos algunhas:

-O CHOCOLATE CON LEITE E CACAO-



QUE RICO!!



-FREIXÓS con leite, farinha e ovos-

1º. Elaboración



2º Preparación e empratado



Non aguantabamos coas ansias!



-AS GALLETAS do Samaín con ovos, azucre, fariña, lévedo, limón e aceite

Co motivo da celebración do Samaín, os nenos e nenas de educación infantil elaboramos unhas galletas terroríficas...

Pasos a seguir:

1º Mesturamos todos os ingredientes menos a lévedo e a fariña



2º Engadimos a fariña e a lévedo e dámoslle moitas voltirñas.



3º Cando temos lista a masa, poñémonos a facer a forma das galletas.



4º Fritimos as galletas



5º E o passo máis importante de todos é este...¡COMELAS!



MÁIS COUSAS...

Creamos unha denominación de orixe galega.

VIÑO GALEGO Denominación de Orixe de Baralla

Para a elaboración do noso viño, tivemos que seguir unha serie de pasos moi importantes para o resultado final.

Ingredientes::

unhas boas uvas negras.

Pasos a seguir:

- 1º Lavalas
- 2º Prensado coas mans
- 3º Fermentación 20 días
- 4º Coar
- 5º Transvasar
- 6º Embotellar
- 7º Etiquetar
- 8º A beber e gozar!

Mostramos aquí unhas fotos do seu proceso:



**Mirade como
prensamos coas mans**



Aquí tocó coar e transvasar



Embotellado e etiquetado

Ao longo do curso os nenos e nenas de 1º de Primaria recibiron a visita de pais e nais para contar uns bonitos contos infantís.



Ademais de contos tamén tivemos a sorte de que algunhas visitas nos contaron as súas vivencias, fixemos actividades culturais, coñecer a cultura doutros países e as súas profesións.




Ademais dos pais tamén participaron nestas actividades algúns dos membros do profesorado do centro:



Durante o curso os nenos e nenas de 1º de Primaria estiveron escribindo cartas aos nenos e nenas de 1º de Primaria do colexio CPI Castro Baxoi de Miño (A Coruña).

Foi unha experiencia moi bonita e fixeron novos amigos e amigas.

Recibir cada mes o sobre de cartas e fotos foi unha gran ilusión para eles e elas ademais de contarlles cousas do colexio, da clase e de Baralla.



CONTO INVENTADO POLOS NENOS E NENAS DE 1º DE PRIMARIA

A NOITE DA BALEA

Unha noite soou o teléfono de madrugada. Eran as catro da mañá.

Eu estaba na cociña porque tiña fame e levanteime para comer algo.

O meu papá levantouse correndo. Ó outro lado do teléfono estaba o monitor da clase de pilotaxe do globo.

Non oía do que estaban falando porque eu estaba ocupado comendo o meu plátano.

O amigo de papá, o monitor, dixo:

- Podes vir urxentemente axudarme a sacar unha balea que apareceu da miña piscina?
- Que! De verdade? Vou!


O meu pai saíu correndo da casa e eu saín detrás. Ademais da nosa cadela Kiara e o gato Garfield.

Chegamos á casa de Pepe, o amigo de papá. Pepe estaba dentro na piscina abrazado á balea e chorando.

Nese momento chegaron os bombeiros, ós que chamara papá.

Entre todos sacamos a balea da piscina e levámola ó mar. Alí estaban esperando os papás da balea pequena.

Cando regresamos á nosa casa eran xa as 9h da mañá e a miña mamá estaba preparando o almorzo. Contámoslle o que pasara durante a noite e ela bebía pouquiño a pouquiño o seu café cos ollos moi moi abertos.





RECUNCHO POÉTICO

A ROSA

Rosa, rosiña,
picas por ti,
non piques, por favor!

Rosa, rosiña,
o teu interior é imposible de
ver,
non piques, por favor!

Rosa, rosiña,
non cho digo máis:
non piques, por favor!

Señorita rosa,
dama fermosa,
se te leva o vento,
xa verás como non picarás!

Athenea e Álvaro



O RATO DON MARIO

O rato Don Mario
saíu da súa casa
co seu barrigón
cheo de xamón.

O gato perségueo
por todo o salón,
e con moita elegancia
Don Mario escondeuse
detrás dun caixón.

Claudia e Julia

O MAR

Fermosas ondas,
a xente está na area,
auga fría no mar!

Xogan as nenas,
con risas e rosas,
con ollos de Lúa.

Elia e Sheila



A TERRA

A terra escura
debaixo da Lúa
brillando na altura.

É noite pechada
de vagalumes, grilos
e lobos famentos.

María e Iván

Os nenos e nenas de segundo de Educación Primaria,
gozaron moito coas manualidades de plástica en inglés...

HALLOWEEN



WINTER HAT FOR DOLLS



EASTER



BLOSSOM TREE WITH PRINTS





DESIGNING THEIR OWN
KEY RINGS WITH
MAGIC PLASTIC



SPRING



BIRDS



www.shutterstock.com • 577685947

RECOMENDAMOS UN LIBRO



FICHA TÉCNICA

TÍTULO: Bruja e familia

AUTORA: Paula Carballeira

ILUSTRADORA: Lucía Cobo

XÉNERO: Narrativo

A AUTORA





BIOGRAFÍA

Paula naceu en Fene no ano 1972.

Adicase profesionalmente á narración oral, o teatro e incluso a televisión

OUTRAS OBRAS DE PAULA




Algunhas delas atoparalas na biblioteca

Sinopse

Poucas persoas coñecen o verdadeiro nome das bruxas, e poucas persoas se atreven a descubrir os seus segredos. Este libro é para esas poucas persoas; as que escollen camiños escuros, as que buscan os enigmas, as que non teñen medo o descoñecido, pero temen sabelo...

Os nenos de 3^o debuxamos os personaxes



Tristán



Isia




Montes de
tollado

Rosaura



Rosaura





UNHA NOVA EXPERIENCIA PARA OS ALUMNOS DE 4º DE PRIMARIA



Cara ó vindeiro **curso 2019-2020** comecemos unha actividade que até o de agora só tocamos algunha que outra vez, **a radio**.

Pero a palabra radio é unha palabra moi extensa, ten unha serie de significados, contidos e actividades moi variadas e diferentes que van moito máis aló da primeira idea que se nos vén á cabeza: facer un programa de radio diante duns micrófonos e unha mesa de mesturas.

Vainos facer falta **un pouco de teoría e experimentos** previos para saber o que hai detrás; necesitaremos algo de ciencias da natureza, un pouquiño de ciencias sociais e un chisco de matemáticas para empezar a andar.

Despois centrarémonos na creación dun **programa de radio** para nós e para quen nos queira escoitar. Imos necesitar:

Material e instalación (un pouco de electrónica). -

- Reprodutores; de cedés ou discos compactos,
- gravacións sonoras dun mp4, minidiscos, ...
- formatos de ordenador ou teléfonos móbiles (extracción do son).
- mesa de mesturas. Manexo.
- amplificadores, altofalantes e auriculares.
- cableado.
- ordenador, gravación e edición de sons.

Ideas para crear un programa de radio. -


- un guión.
- os tempos, os silencios e a música, a persoa técnica.
- os sons, as gravacións, os efectos.



Que son as ondas de radio?
 Que é o espectro electromagnético?
 Frecuencias
 Clases de emisións.
 Propagación e atmosfera. A ionosfera.
 Usos da radio. Unha emisora de FM.




- as persoas locutoras ou presentadoras.
- a locución, a lectura e a improvisación.
- a noticia, o traballo ou reportaxe.
- a entrevista.
- a mesa redonda.




A estas alturas a **lingua** xa se fai necesaria e urxente. É a **música** tamén:

- celta,
- popular ou etnográfica de diferentes países,
- clásica,
- variada en canto a linguas,
- a que utilizan mestres e mestras de música,
- as que interpreten familias e asociacións.



Pero tamén existe outra radio, moi diferente, a **radioafeción**. Non só escoitar senón tamén

falar con outras persoas próximas... ou moi afastadas de nós.




Que necesitaremos ter ou facer?

- Antenas e emisoras.
- Walkies.
- Outros aparellos da instalación.
- Fabricando antenas.



Que necesitaremos saber?

- Frecuencias
- Banda Cidadá 27 Mhz, e PMR 436 Mhz
- Código Q.
- As divisións.
- Contactos co mundo.
- Unha QSL.
- Estación espacial internacional.
- Satélites.
- Astros que emiten. Radioastronomía.
- A radioafeción en internet.
- SDR.



Poderemos escoitar a radio, se queremos, sen ter ningún equipo de radio, a través do ordenador ou dende un móbil. Ademais de galego-portugués, agora xa necesitaremos algo de inglés e, quizais, algo de francés para saber que países do mundo escoitaremos.

Non deixamos ningún pau sen tocar, dende todas as áreas é posible radiar.

Para o próximo curso?



EN QUINTO DE PRIMARIA GOZAMOS DA ESCOLA

Durante o curso 2018-2019 os alumnos e alumnas de quinto de educación primaria participaron en varias actividades nas que, despertando a súa motivación, perfeccionaron as súas destrezas na comunicación oral e escrita.

Organizamos na aula un concurso de relatos.

Os nenos e nenas elaboraron contos de humor, de medo, de final sorprendente, lendas, fábulas... e con eles creamos un recuncho na aula ao que chamamos “As nosas historias”.



Os nenos e nenas elaboraron contos de humor, de medo, de final sorprendente, lendas, fábulas... e con eles creamos un recuncho na aula ao que chamamos “As nosas historias”.



Creamos unha biblioteca de aula con exemplares que os/as estudantes trouxeron dos seus fogares cos que establecemos un sistema de trocos que se converteu nun foco de interese dos/as integrantes da aula cara á lectura. Ademais os propios rapaces/as fixeron unha plantación de varias especies de hortalizas das que realizan un coidado diario.

Dende o principio do curso o alumnado de quinto participa



tamén nun intercambio de cartas con nenos/as do C.E.I.P Virxe do Portal en Sobrado dos Monxes (A Coruña), actividade que tivo tan boa aceptación, que estudantes dun e outro centro están desexando coñecer en persoa os/as

remitentes da súa correspondencia, circunstancia que se dará nas visitas que se prevén organizadas para os meses de maio e xuño deste curso.

Non podemos esquecer tamén os papeis que asumiron os rapaces/as de quinto ao longo do presente curso. Unha mención especial para o rol de xornalistas que asumiron no programa que gravamos na radio da escola sobre a conservación do medio ambiente.



Pero non só foron reporteiros/as senón que se converteron en humoristas por un día, representando de maneira espectacular unha adaptación de dous sketches do programa Land Rober, da Televisión de Galicia, sendo capaces de traer á escola aos “Gorrillas” e aos “Xubilados”, co que fixeron

desfrutar a toda a comunidade educativa no Festival de Nadal, celebrado o 21 de decembro.



Industria de gomas milón

Índice

- Maquinaria e proceso de fabricación
- Transporte
- Publicidade
- Aforo
- Dirección da empresa e recursos humanos
- Conclusión

ADRIÁN CALDEIRO FERNÁNDEZ

ETHAN FRAGA GARCÍA



• MAQUINARIA E PROCESO DE FABRICACIÓN

O material utilizado para a fabricación das gomas é o látex ou a resina de árbore, que se obtén mediante o proceso de sangrado, que consiste en facer algunhas incisións na cortiza da árbore que permiten que o látex saia aos poucos.

As incisións volven cubrir para rexenerar a cortiza e repetir o procedemento despois dun tempo. Unha vez colleitado, mestúrase con auga e inicia a súa transformación, posteriormente cóase, dilúe e agréganse algúns ácidos para pasar do estado líquido ao sólido. Tritúrase ata facelo máis suave e pegañento e incorpóranse as substancias necesarias para que adquira a consistencia desexada dependendo do uso que vaia ter.

O látex introdúcese por medio duns depósitos nunha máquina chamada “extrusora”. Esta máquina quente o material e fai que flúa cara a uns moldes de diferente forma, que permite darlles ás gomas a forma desexada. As gomas, ao fregalas contra o papel, eliminan a escritura do lapis e algunhas veces a tinta.



- TRANSPORTE

Para transportar as nosas gomas, chamadas milón, necesitaremos diferentes medios de transporte. Por exemplo:

- Acuáticos como barcos de carga.
- Terrestres como camiións ou furgonetas.
- Aéreos como avións de transporte.

Todos estes vehículos necesitarémolos para o transporte ou distribución do noso produto por varios lugares.



- PUBLICIDADE

Se está a buscar un artigo simple para comprar grandes cantidades, probe a nosa goma milón. A miúdo necesitará algún obxecto que borre e que teña calidade e durabilidade, as nosas gomas serán unha axuda perfecta, xa que ten esas dúas características.

As nosas Gomas

Milón Molan

Mogollón

Os anuncios de publicidade sairán en televisión todos os días da semana ás 8 da tarde. Tamén se emitirán anuncios na radio.

- AFORO

A nosa goma custa sobre dous euros. O prezo aproximado que nos vai custar o proxecto será dun millón e medio de euros. Polo que temos pensado ter algúns socios:

- Primeiro socio achega 700.000 euros, polo que levará un 30 %.
- Segundo socio achega 300.000 euros, polo que leva un 10 %.
- Terceiro socio achega 500.000 euros, polo que levará un 20 %.
- Nós tivemos a idea, polo que levamos un 40 %.



- DIRECCIÓN DA EMPRESA E RECURSOS HUMANOS

A empresa está situada nun polígono industrial da Coruña, para favorecer as vendas e o desprazamento das mercadorías. Está formada por un equipo directivo de 5 persoas:

Director: Ethan Fraga García, cun soldo de 2000 euros mensuais.

Subdirector: Adrián Caldeiro Fernández, cun soldo de 2000 euros mensuais.

E outras tres persoas de administración que cobran cada unha 1250 euros mensuais.

A empresa consta de 100 empregados, cun soldo de 1000 euros mensuais cada un.

O mantemento da empresa supón un gasto de 70.000 euros mensuais (luz, seguros, publicidade, maquinaria, material para as gomas, etc...).

A empresa vende ao redor de 100.000 gomas ao mes, o que supón uns 200.000 euros mensuais. Unha vez considerados todos os gastos, quedaría un beneficio de 22.250 euros, que podería servir para mellorar a empresa ou co tempo para ampliar as súas instalacións noutras cidades.



- CONCLUSIÓN

O noso artigo é de moita calidade e con moita durabilidade que fai que, no canto de durar un ano, pódete durar ata cinco anos. Tamén o seu prezo non é demasiado elevado, pódete custar un euro máis que outras marcas pero resultáseche moito máis cómoda e duradeira. Ademais o seu tamaño é adecuado, xa que non é demasiado grande nin demasiado pequena. Para finalizar, se as compras agora resultáseche moito máis barato, xa que sabemos que no futuro vai triunfar e o seu prezo será maior, por iso recomendámosche as nosas gomas milón que molan mogollón.






AULA DE AUDICIÓN Y LENGUAJE


A aula de Audición e Linguaxe (AL). Que é isto? Moitos e moitas de vós preguntáredesvos que é este lugar e que facemos aquí. Pois nós dirémosvos que é unha aula na que o pasamos xenial, onde traballamos, xogamos e, sobre todo, aprendemos un montón de cousas. Cando alguén entra nesta clase está preparado/a para aprender.




- Aprendemos a pronunciar todas aquelas letras e palabras que máis nos custan. Para iso, usamos unha serie de instrumentos, algúns moi coñecidos e outros máis “raros”.



- Facemos multitude de exercicios coas letras, as sílabas, as palabras e, por suposto, cos textos. Tamén practicamos coa lecto-escritura. E todo para mellorar a nosa competencia comunicativo-lingüística.



- Aprendemos a comunicarnos de maneira diferente a como estamos acostumbrados a facelo, é dicir, empregamos os pictogramas.
- Aumentamos a nosa capacidade de atención, memoria e concentración.



- Melloramos as nosas habilidades motrices, especialmente a motricidade fina.



- Entendemos o que sucede ao noso redor, como podemos reaccionar ante unha determinada situación ou contexto e coñecemos os nosos sentimentos.



En definitiva, é un espazo onde algúns nenos e nenas do colexio imos para perfeccionar o noso xeito de comunicarnos e relacionarnos cos demais e onde saímos sendo alumnos/as estrela.



Musiqueando



Este curso, o noso centro participou no MUSIQUEANDO, un chamamento a nivel nacional para saír á rúa a facer música e reivindicar a importancia desta materia na educación.

Cantamos e bailamos xunto con alumnado doutros centros da provincia: o Ollos Grandes, de Lugo; o Terra Chá, de Castro Riberas de Lea e o Río Miño, de Rábade.

O concerto fixémoslo na praza Horta do Seminario, en Lugo, o 11 de abril, e tivemos un tempo fantástico! A experiencia foi moi boa e repetiremos o curso que vén para seguir gozando coa MÚSICA.



<https://www.youtube.com/watch?v=ZDO12P5-ROQ#action=share>

Concerto didáctico



O pasado 11 de abril, o alumnado de música de ESO acudiu ao IES Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo para disfrutar dun concerto didáctico ofrecido polo grupo vocal Solo Voces. Tivemos así a posibilidade de entender mellor o funcionamento dun coro, así como os distintos tipos de voces e a evolución das texturas musicais á vez

que gozamos da música en directo.

Un Acluvia no Castro de Viladonga



O 30 de maio, o noso centro participou nun proxecto organizado polo IES Terra Chá, de Castro Riberas de Lea, e a fundación TIC, en colaboración co Concello de Castro e a participación do IES Río

Miño de Rábade.

O proxecto consistiu na filmación da interpretación dunha coreografía no Castro de Viladonga con música de Leonard Cohen. Foi unha oportunidade fantástica para compartir co alumnado doutros centros unha xornada de convivencia baseada no uso e goce dun idioma universal, a MÚSICA.

2019: AÑO INTERNACIONAL DA TÁBOA PERIÓDICA

O ano 2019 foi declarado pola Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas o Ano Internacional da Táboa Periódica dos Elementos Químicos, ao cumprirse 150 anos do establecemento da primeira táboa periódica, precursora da actual, polo químico ruso **Dimitri I. Mendeleiev**. Rendéselle, así, homenaxe a este químico que non só foi capaz de ordenar os 63 elementos que por aquel entón se coñecían, cun criterio diferente ao actual, pero xa en coherencia con el, senón que foi quen de predicir a existencia doutros moitos descubertos con posterioridade, para os que deixou ocos nos lugares axeitados.



Selo conmemorativo

A táboa periódica é unha ferramenta fundamental para os químicos e as químicas, que agocha os máis grandes segredos desta rama da ciencia e permite, ademais, dar resposta a moitas preguntas da física e da bioloxía. É, sen lugar a dúbidas, un dos grandes fitos da ciencia.



A táboa periódica máis grande do mundo na fachada da Facultade de Química da Universidade de Murcia

Porén, Mendeleiev nunca foi galardoado co Premio Nobel, aínda que si foi proposto no 1906, ao falecer no 1907 e non concederse estes premios a título póstumo.

O estudo da Táboa Periódica forma parte do currículo da materia de Física e Química nos diferentes cursos da ESO. Este ano, para unirse á conmemoración, o alumnado de 3º e 4º da ESO elaborou xogos didácticos coa fin de presentarlle a táboa periódica ao alumnado dos últimos cursos de Primaria. O que figura a continuación é un pequeno conto que forma parte destes recursos.



Décimo de lotería conmemorando o Ano Internacional da Táboa Periódica

MENDELEIEV E A TÁBOA PERIÓDICA

NO ano 1834 nacía en Tobolsk (Rusia) un neno a quen seus pais chamaron Dímitri. A familia Mendeleiev tiña xa moitos outros fillos e fillas (entre 14 e 17, non se sabe con certeza) e Dímitri era o menor de todos. Cando aínda era novo morreu o seu pai. A súa nai puído sacar a familia adiante grazas a una fábrica de vidro da súa propiedade. Mais a mala sorte fixo que a fábrica se queimara e Dímitri decidiu marchar a Moscú coa idea de ingresar na Universidade. Porén, non o conseguiu, rematando finalmente os seus estudos en San Petersburgo, onde foi nomeado profesor de Química.

Mendeleiev dedicou toda a súa vida á química, pasando á historia por ser o pai da **táboa periódica**. Pero... que é a táboa periódica? Na actualidade hai 118 elementos químicos que veñen ser como as pezas dun gran *Legó* coas que se pode construír toda a materia que coñecemos, a que aparece na natureza e a que se fabrica nos laboratorios.

Na época na que viviu Mendeleiev coñecíanse 63 elementos. Os químicos e as químicas sentiran a necesidade de ordenalos dalgunha maneira, ao igual que é preciso ordenar os libros nunha biblioteca. Despois de varios intentos realizados por outros científicos, Mendeleiev ordenou os elementos coñecidos en función do seu peso e dispúxoos en liñas horizontais e verticais. No ano 1869 publicou a súa primeira táboa á que chamou **Táboa periódica dos elementos**. Tivera a gran idea de deixar ocos para elementos que aínda non eran coñecidos, pero que se precisaban para completar a súa táboa, e predixo cales debían ser as propiedades deses elementos. Uns anos despois foron descubertos algúns deses elementos (galio, escandio, xermanio), adquirindo a partir de aí fama mundial.

Na táboa periódica actual os elementos ordénanse en filas (**PERÍODOS**) e columnas (**GRUPOS**). O criterio que se emprega para dispoñelos é a orde crecente do **número atómico**, que é o número dunhas partículas chamadas protóns que ten a unidade máis pequena dun elemento, o átomo, e é diferente ao de calquera outro.

Os elementos que teñen brillo, que son condutores do calor e a electricidade e que acostuman a ser sólidos a temperatura ambiente chámanse **METAIS** e

están colocados á esquerda e no centro da táboa periódica. Algúns deles seguro que os coñeces porque se empregan para facer xoias (prata, ouro, platino), aramios ou láminas (cobre, ferro) ou forman parte dos teus ósos (calcio).

Os que están máis á dereita, ademais do hidróxeno, non teñen brillo, nin conducen o calor e a electricidade e poden estar en calquera estado, aínda que moitos son gases, e chámanse **NON METAIS**. Son tamén moi importantes porque forman parte do aire (osíxeno, hidróxeno), son necesarios para os dentes (flúor), nos mistos (fósforo) ou forman os diamantes e as minas dos teus lapis (carbono). Entre metais e non metais hai un grupiño de elementos dispostos en forma de escaleira que teñen características intermedias entre estes; son os **SEMIMETAIS**, moi importantes na electrónica (silicio, xermanio).

A clasificación remata cun grupo de gases moi estables chamados **GASES NOBRES** no que se atopan o helio, neon, argon, kriptón, xenon e radón. Ao helio tamén o coñeces xa que se emprega para encher os globos que se escapan e voan polo ceo.

Malia que a Táboa Periódica é unha ferramenta fundamental para os químicos e as químicas, Mendeleiev morreu no 1907 sen ter conseguido o Premio Nobel. O elemento químico con número atómico 101 denomínase *mendeledevio* na súa honra.

M^a Inés García Seijo
DEPARTAMENTO DE CIENCIAS (ESO)

PLAN PROXECTA "O MUNDO QUE QUEREMOS"

Para comezar a contar a experiencia deste curso penso que sería bonito botar a vista atrás e recordar un pouco o camiño feito.

Recordar as primeiras sesións cando os profes nos lanzaron o reto de **elixir un obxectivo da axenda 2030** para traballar xa que as opcións eran moitas e moi interesantes: Igualdade de xénero, a fame, a vida submarina, acción polo clima...en total 17 obxectivos, cada un deles moi importante e imprescindible para lograr un mundo mellor.

Finalmente, a través dunha votación moi axustada, **decidimos decantarnos polo número 5, a igualdade de xénero**. A raíz desa votación comezamos a nosa aventura de **crear nós mesmos un programa de radio** a partir do obxectivo elixido.

Para grabar ese programa había que investigar antes sobre o tema, para iso algún dos mozos e mozas da ESO fixeron de reporteiros por un día entrevistando a diferentes persoas que lles pareceron interesantes, outros escribiron unha historia onde as mulleres demostraban a súa valía, outros convertéronse en críticos de música e de anuncios da televisión e ata algún de eles atrevéronse como cantantes.



Non podemos esquecer a seguinte parada do Mundo que Queremos onde podemos gozarr dun grupo de teatro moi especial: Centolas. Descubrimos así **o teatro da oprimida** e ata fixemos un concurso de preguntas moi divertido.



Recordar unha **visita internacional** onde puidemos aprender a realidade doutros lugares.




Por último mencionar **uns talleres de plastilina** que puidemos facer todos os alumnos do cole, os maiores puideron axudar ós máis pequenos e pequenas a facer as súas bonecas, para así entre todos crear un exposición preciosa de mulleres importantes da historia. Podedes vela no centro sociocultural de Baralla.

Fotos de talleres realizados.



Fotos exposición.





Terminar como non podía ser doutra maneira dicindo que os rapaces e as rapazas do CPI Luís Díaz Moreno de Baralla cremos na igualdade de todas as persoas, ímola defender e traballaremos para crear un mundo no que, os valores aprendidos, cada vez estean máis presentes e visibles.

EXPERIENCIA DE TEATRO EN 1º ESO

Me gustan las ideas que dan las profesoras y me río mucho cuando actuamos.

Aprendí que nuestro cuerpo puede sentir muchas emociones: furia, asco, tristeza, alegría... También aprendí que a veces tenemos que controlarlas, no solo nuestras palabras sino también nuestro cuerpo y nuestra cara.

Me gustaron las clases porque pude conocer más a mis compañeros y compañeras, por ejemplo Matías es un gran amigo al que le gustan las mismas cosas que a mí, Carla es muy buena compañera y muy organizada...en realidad todos y todas son geniales, hacemos un gran equipo.

Por último decir que en las clases de teatro nos enseñaron a conocernos más.

Jairo 1º ESO





25

Novembro



Equipo de actividades complementarias e extraescolares

SAMAÍN E MAGOSTO 2018



Samaín significa fin do verán, principio do inverno. Na antiga cultura céltica, a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro era a máis importante do ano, as portas doutro mundo abríanse nesas horas e as ánimas eran quen de vir visitar este mundo e os seus moradores.

Para afastar dos seus castros as perigosas ánimas defuntas e errantes adoitaban poñer caveiras iluminadas dos inimigos mortos en campaña. De aquí vén a tradición europea de facer caveiras nas cortizas dos melóns ou nas cabazas.

A festa do Samaín marcaba para os celtas os comezos dun novo ano. Nesta prendíanse lumes sagrados e con esta fogueira alimentábanse as lareiras de todas as casas.

O noso alumnado, coa axuda de pais/nais e profesorado colaboraron na decoración de cabazas.


Tivemos un contacontos de medo e a continuación, degustáronse castañas asadas.



Loitando contra a violencia machista

O 25 de novembro, baixo o lema “os nenos e nenas do CPI Luís Díaz Moreno rexeitamos a violencia” sumámonos á iniciativa #equaliter do CEIP Aquilino Iglesias Alvariño de Abadín, participando mediante a elaboración dun mural e a gravación dun pequeno vídeo que aparece no minuto 12:00 da seguinte ligazón:

<https://www.youtube.com/watch?v=jUALiCMZ1v0>



NADAL 2018

O pasado 21 de decembro celebrouse o festival de Nadal no colexio; sempre é un pracer gozar coas actuacións dos nenos e nenas e as caras de emoción dos familiares que acoden a velos!!





DÍA DA PAZ

O 30 de xaneiro de 2019 celebramos o día da Paz cun acto simbólico no patio e elaboración de murais alusivos ao tema ...



O día da Paz

Por que o día da paz se celebra o 30 de xaneiro?

Celebráse o 30 de xaneiro para conmemorar a morte de Gandhi, nesta data recórdase a necesidade da educación, a solidariedade, o respecto, non á violencia e SI á paz. Mahatma Gandhi foi un dos dirixentes máis destacados contra o Raj por practicar a desobediencia civil. Encarcerado en varias ocasións converteuse nun heroe nacional. Foi un avogado, político e pensador do século XIX e XX. Foi principalmente o que conduciu e reivindicou a independencia da India a través dun método non violento.

O símbolo da paz é unha pomba.

Un dos maiores responsables de que a pomba apareza cunha rama de oliveira é o artista Pablo Picasso, quen fixo retratos da pomba da paz.

Tras o diluvio universal, Noé enviou unha pomba que regresou cun ramo de oliveira no pico como proba de que as augas se retiraran e que a terra estaba firme, presta outra vez para habitarse. A chuvia cesou e o perigo desapareceu.

A mensaxe: Deus volvía estar en paz cos homes.



A pomba represéntase tras a guerra do século XX, é de orixe bíblica, aparece por primeira vez no relato da Arca de Noé sendo o encargado do estado do mundo.

A pomba é o símbolo da paz porque Noé enviou unha pomba, que regresou cun ramo de oliveira no pico. Como proba de que a chuvia cesara e o perigo desaparecera.

30 DE XANEIRO DÍA MUNDIAL DA PAZ

TRABALLO FEITO POR:
ADRIÁN CALDEIRO FERNÁNDEZ
PABLO MARTÍNEZ PLAZA



ENTROIDO

O pasado venres 1, de marzo de 2019 ,celebramos o festival de Entroido no cole co desfile de comparsas e queima do boneco. Velaí unhas imaxes desa xornada tan vistosa , colorida e divertida...







XUÍZO DO ENTROIDO 2019

XUÍZ

Como sucede tódolos anos por estas datas, temos aquí o Entroido para ser xulgado. Presuntamente, é o responsable dunha serie de falcatuadas acontecidas ó longo do ano, o que deberá ser demostrado pola acusación. Pero, posto que este é un xuízo xusto, tamén a defensa tomará a palabra para tratar de que sexa declarado inocente.

Así pois, comece o xuízo!

Acusación 1: Comezarei este xuízo cunha acusación irrefutable, e é que este boneco é o verdadeiro culpable de que Nicolás Maduro non queira convocar eleccións.

Defensa 1: Pois si que empeza forte a acusación! Nada menos que coa actualidade política internacional! Pero... quen pode pensar que este Entroido viaxou a Venezuela para influír en Maduro?

Será que Maduro ten medo de que gane Guaidó!

Acusación 2: Xa, xa... pois se che parece que o asunto de Venezuela lle queda moi lonxe ó Entroido, direiche que non teño inconveniente en achegarme un pouco máis. De feito, acuso o Entroido de que vaia haber eleccións a Presidente do Goberno e, polo tanto, de que nos vaian amolar coa campaña, a precampaña, a preprecampaña...

Defensa 2: Entendo a túa preocupación, pero este boneco non ten nadiña que ver con iso; tanto é así, que cando soubo que ía haber eleccións, pensou en marchar para Murcia para asistir ás procesións e esquecer a campaña!

Acusación 3: Vale, vale, se me dis o de Murcia... poida que teñas razón. Pero só neste caso, porque trasnadas fixo abondo! Lembra que estivo detrás da condena a Iñaki Urdangarín, ó que lle caeron máis de 5 anos!

Defensa 3: Por favor! O que hai que oír! Como ben sabe o señor xuíz e señora xuíza aquí presentes, o Entroido non puido suplantar a identidade de ningún maxistrado nin influír de ningún xeito na súa decisión.

Ben é sabido que as sentenzas dos xuíces e das xuízas son sempre completamente xustas e que nunca, nunca, nunca se deixan influír por ninguén.

Acusación 4: Es ben lambecús! Pero vou cambiar de terzo que me estou acendendo! O caso é que este boneco ten a culpa de que Cristiano Ronaldo marchase para a Juventus.

Defensa 4: E que culpa ha ter o Entroido? Esa foi unha decisión do Cristiano, que xa ten certa idade e igual está alí máis tranquiliño. Ou quizais lle pagan máis, que o pobre home terá que mirar tamén pola súa economía!

Acusación 5: O pobre home? Mirar pola economía? Ademais de lambecús, es parvo! Non sei se declararán o xuízo nula por incompetencia da defensa!

En fin... ó que ía: o Entroido remexeu e remexeu ata que conseguiu que non lle deran o balón de ouro a Messi.

Defensa 5: Pois si que che deu agora co fútbol! Ó Entroido non lle gusta o deporte, así que dubido moito de que se interesara polo asunto do balón ese! Ademais, segundo teño oído, había un tal Modric que o merecía máis.

Acusación 6: Vale, pois deixemos o deporte entón. E que me dis da televisión? Hasme dicir que o Entroido non tivo nada que ver con que volvera o “Gran irmán” a Telecinco?

Defensa 6: Nada de nada, o Entroido non ten televisión na casa; non lle interesa a programación televisiva.

Acusación 7: Que non lle interesa? Iso diralo ti! Este boneco argallou ata que conseguiu que Netflix emitira unha morea de series novas. E claro, el pasouno moi ben todo o ano, pero a rapazada do colexio de Baralla non tivo tempo para estudar con tanta serie!

Defensa 7: Así que ó final vai ter culpa o Entroido de que non estuden! Xa che digo que non ten nada que ver con iso, que nin sequera ten televisión! E se a rapazada non estuda para os exames, haberá que dicir no colexio que eliminen tal cousa, e listo!

Acusación 8: Si, polo que vexo, a ti tamén che eliminaron algún na carreira de Dereito! Isto vai camiño de xuízo nulo!

Volvendo ó que nos ocupa: acuso o Entroido de non permitir que o alumnado de 3º e 4º de ESO fora á excursión de fin de curso, e tamén de que haxa tan poucas excursións na ESO.

Defensa 8: Que ía ser o Entroido! É que tiñan que ter recadado máis cartiños, que sen eles non chegamos nin a Becerreá.

Acusación 9: Pero o Entroido si que debe ter algún problema co alumnado, xa que se queixan de que ás veces comen sen sal!

Defensa 9: Pero ti viches o Entroido entrar na cociña algunha vez? Iso é para que non lles suba a tensión!

Acusación 10: A tensión estame subindo a min de escoitarte! Mira o que che digo: non poderás negar que o boneco é o culpable de que en Baralla se arranxen camiños que non o precisan, e se deixen outros sen tocar. Xa ves como están Sobrado e Aranza!

Defensa 10: O Entroido, o Entroido... e que hai quen sabe onde convén arranxar e onde non! Este boneco non che é o que toma esas decisións; que vai saber el de política?

Acusación 11: E que me dis do campo de fútbol? E dos lugares sen luz na vía pública? E....

Defensa 11: Para, para o carro, que o Entroido non ten responsabilidade nin nunha cousa nin noutra. Ou é que pensas que ten que ir el arranxar o campo de fútbol e colocar os farois polas rúas?

Acusación 12: Moi ben, moi ben; pois has de saber, que o Entroido é o culpable de que vaia sempre con esa funda fea e descolorida, que xa se podía coidar un pouco para a ocasión!

Defensa 12: Agora pareces ti o parvo! Que máis lle dará! Non ves que vai acabar queimado nun minutíño! Ou non é así, señora xuíza?

XUÍZA: Despois de escoitar atentamente, de superar as ganas de declarar o xuízo nulo e de fuxir co Entroido á Semana Santa de Murcia, non me queda máis remedio que declaralo culpable e condenalo a morrer queimado na fogueira! Préndase o lume!

Alumnado de ESO do CPI Luís Díaz Moreno

LETRAS GALEGAS

O pasado xoves, día 16 de maio, celebramos o día das Letras Galegas no cole cun festival cheo de traballo do alumnado que estivo guiado polo seu profesorado. Todo o traballo se desenvolveu con moita imaxinación e un chisquiño de lembranza!!






LETRAS GALEGAS 2019

ANTÓN FRAGUAS



Antón Fraguas Fraguas

Nace en Cotobade no 1905



Morre en Santiago no 1999



A SÚA TRAXECTORIA....

Profesor e director do **Museo do Pobo Galego**



Publicou con asiduidade na revista **NÓS** e no Periódico Galeguista **A NOSA TERRA**



Membro das **Irmandades da Fala** e do **Seminario de Estudos Galegos**



Alumno de **Castelao**



A SÚA TRAXECTORIA....

Año 1933
Docente no Instituto da Estrada.

↓
Separado do cargo ao comezo da **Guerra Civil**

Exerceu de **profesor auxiliar de Xeografía e Historia**

A partires do 1942
Docente

↓
Instituto Masculino
(Lugo)

↓
Instituto Feminino Rosalía de Castro
(Santiago)

↓
Onde exerceu ata a xubilación (1975)

MÉRITOS Á SÚA LABOR....

PREMIO TRASALBA



MEDALLA CASTELAO




PEDRÓN DE OURO




PREMIO DAS LETRAS E
DAS ARTES DA XUNTA
DE GALICIA



COS SEUS TRABALLOS E CONFERENCIAS....



Contribuíu a
defender o **GALEGO**
como lingua de
expresión válida para
calquera
coñecemento





*“De Loureiro a Rebordelo
todo é camiño chan
todas son rosas e flores
postas pol-a miña man”*

*Este traballo foi realizado polo alumnado de 6º de
Educación Primaria*

PREMIO PARA O CPI LUÍS DÍAZ MORENO

Formación docente en TDAH-



A conselleira de Educación, Carmen Pomar, a presidenta da Fundación María José Jove, Felipa Jove, e o presidente da Fundación INGADA, Ángel Carracedo, asinaron a addenda para levar a cabo a sexta edición deste programa formativo para o vindeiro curso 2019/12, nun acto no que tamén se procedeu á entrega da **V Beca INGADA-Fundación María José Jove, de recoñecemento ás boas prácticas educativas no ámbito do TDAH, que nesta edición recaeu en dous centros, o CEIP Fermín Bouza Brey (Pontareas) e o CPI Luís Díaz Moreno (Baralla).**

A conselleira expresou os seus parabéns aos responsables dos proxectos galardoados nesta edición, dos cales destacou a súa “alta calidade” e “profesionalidade”, así como aos finalistas, xa que todos eles -incluídos os participantes nas anteriores edicións- “promoven o desenvolvemento das potencialidades dos seus alumnos e alumnas que teñen que aprender a convivir cun Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade”.

PARABÉNS PARA A NOSA COMPAÑEIRA MARÍA FERREIRO, POLO SEU TRABALLO DIARIO, ESFORZO, PACIENCIA E DEDICACIÓN E A TOD@S OS PROFESIONAIS DO CENTRO QUE PARTICIPARON NESTE PROXECTO. PARABÉNS...

Proxecto Deportivo do Centro

Durante este curso 2018 – 2019 desenvolvemos no centro un **Proxecto Deportivo**. O seu obxectivo é que o alumnado leve unha vida activa, que incremente a carga de actividade física realizada tanto dentro coma fóra do centro escolar. Nunha sociedade tan sedentaria coma a actual é necesario conseguir unha condición física máis saudable e adoptar uns hábitos de vida máis activos.

A **organización** deste proxecto foi a seguinte:

- **Outubro:**

Recreos saudables

Buscamos que os tempos de lecer sexan máis activos, máis saudables, nos que a actividade física estea presente. Para iso, na zona de primaria contaron con material deportivo (aros, cordas, balóns de baloncesto, de fútbol...).

Mascota deportiva

Para motivar ao alumnado ao longo deste proxecto propuxemos a realización de mascotas deportivas. A participación do alumnado foi masiva.



• **Novembro:**

Liga de baloncesto

Realizouse durante todo este mes (nos recreos dos martes, mércores e xoves) en tres grupos: 1º e 2º, 3º e 4º, 5º e 6º. É un deporte que lles gusta moito aos nenos/as e así o amosan as seguintes imaxes.



• **Decembro:**

Merendas saudables

Durante unha semana o alumnado seguiu un **calendario de merendas**. O luns, froita; o martes, lácteos; o mércores, galletas ou similares; o xoves, bocadillo; e o venres podía elixir.



- Xaneiro e febreiro:

Liga de tenis de mesa

Realizouse en 3 grupos, nos recreos dos martes, mércores e xoves. Foi un deporte que acaprou a atención do alumnado ao longo destes dous meses.



Ademais, o alumnado de 5º e 6º disfrutou dunha xornada de convivencia en Becerreá con outros centros da contorna.



- Marzo:

Almorzo saudable

É moi **importante** unha **alimentación saudable** para obter a enerxía que nos permitirá afrontar as actividades do día polo que fixemos un almorzo saudable no comedor. No almorzo había zume de laranxa natural, leite con cereais, froita, torradas con xamón e tomate.



• **Abril:**

Semana do deporte

Coincidindo co Día Mundial da Saúde, 7 de abril, organizamos unha semana do deporte no centro. Por un lado, o alumnado participou nunhas **miniolimpiadas** con carreiras de velocidade, salto de lonxitude ou carreiras de valados entre outras.

Outra actividade foi a organización dun **circuíto de educación viaria** no patio, no que o alumnado se desprazou por el con bicicletas, patíns, patinetes ou como péons, fomentando a actividade física e os coñecementos das normas viarias básicas.





Este proxecto cumpriu o seu obxectivo: converter o centro educativo nun espazo dinamizador e promotor de actividade física e hábitos de vida saudables, mellorando a condición física.

Radio Escolar

Ao longo deste **curso 2018 – 2019** estivemos barallando a posibilidade de contar cunha **radio escolar no centro**. Consideramos que a radio é un medio de comunicación moi importante que axuda ao alumnado, entre outras moitas cousas, a mellorar a súa competencia lingüística.

Isto fíxose posible no mes de **marzo**.

O primeiro paso foi buscarlle sitio para montar o **estudo de radio**.



A partir de aquí comezamos a traballar co noso alumnado, incidindo en primeiro lugar en **cuestións xerais** sobre o emprego da voz, a locución, o volume, o ton, a velocidade, consellos do mundo da radio como evitar palabras longas, ser naturais, evitar o silencio, marcar as pausas...

Despois, chegou o momento de poñernos a traballar como **locutores de radio**.

Á vez que gravabamos os programas, aprendemos a formación técnica básica do emprego do “audacity”, da mesa de mesturas...

O **alumnado de infantil**, entre outras temáticas, falou dos seus contos favoritos.



O **alumnado de 1º** fixo sobre programas de chistes, entrevistou a mestres/as...



O **alumnado de 4º** reflexionou profundamente sobre a natureza de Galicia.



O **alumnado de 5º** centrouse na conservación do medio, en entrevistas a mestres/as...



A radio **seguirá chegando pouco a pouco a todo o alumnado**. Neste curso démoslle a benvida; a partir de agora **seguro que se converte nun dos nosos eixes de traballo**.

PASATEMPOS MATEMÁTICOS

Isto é moi fácil


Nunha habitación hai cinco persoas e unha cesta con cinco mazás. Como se poden repartir todas as mazás por igual, e sen partilas, de maneira que despois do reparto quede unha soa mazá na cesta?

Safari fotográfico

Un grupo de turistas, que realizaba un safari fotográfico, chegou a un río. Na beira oposta, comendo dunha acacia, había dúas xirafas, unha grande e outra pequena. O guía explicou: “A pequena é filla da grande, pero a grande non é a nai da pequena”. Que explicación ten o dito polo guía?

Ángulo

Canto mide o ángulo da imaxe?



Contrasinal

Un espía quería entrar nunha fortaleza protexida con contrasinal. Como non a sabía, decidiu esconderse tras unhas rocas e esperar.

Ao intre achégase un mendigo, e a sentinela dixo “16”, o mendigo respondeu “8” e a sentinela deixouno pasar.

Ao intre achégase un monxe, a sentinela dixo “14”, o monxe respondeu “7” e a sentinela deixouno pasar.

- Interesante - díxose o espía, - o número que diga a sentinela divídoos por dous - e para estar máis seguro, decidiu seguir esperando.

Ao intre achégase un pastor, a sentinela dixo “8”, o pastor respondeu “4” e a sentinela deixouno entrar na fortaleza.

- Esta é a miña- díxose o espía, que se achegou á porta. A sentinela dixo “6”, o espía respondeu “3”, e a sentinela apresouno por non saber o contrasinal.

Por que?

Matemaxia

Olimpia é unha nena de segundo da ESO apaixonada pola matemaxia e por iso quixo propoñer o seguinte reto na súa clase:

“Mentres eu agardo de costas, 5 de vós ides escribir 5 números enteiros na pizarra, e non vos preocupedes que se poden repetir entre si. Despois decídeme o valor de todas as sumas que se fan sumando eses números dous a dous”.

Un compañeiro respondeu:”

Os resultados das sumas son 31, 38 e 45 , e, claro, hai repeticións”.

Explica razoadamente cales son os 5 números que ten que adiviñar Olimpia.

(Olimpíada matemática galega 2019)

Solucións

Isto é moi fácil

Entregase unha mazá a cada unha das catro primeiras persoas, e á quinta entrégaselle a cesta cunha mazá dentro.

Safari fotográfico


A xirafa grande é o pai da pequena.

Ángulo

Mide 45° . O triángulo é rectángulo isósceles.

Contrasinal

Conta as letras das palabras “dezaseis”, “catorce” e “oito”.



Matemaxia

12, 19, 19, 19, 26

Dos tres resultados das sumas o único par é o 38, así que o único número repetido é $38/2 = 19$.

Os outros números son $31 - 19 = 12$ e $45 - 19 = 26$.

O 5º número tamén é 19 porque é o único que pode repetirse.